

CONVENIO DE COLABORACIÓN ESPECÍFICO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E ASTRAZENECA FARMACÉUTICA SPAIN, S.A., PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN EN TÉCNICAS AVANZADAS DE SECUENCIACIÓN E A SÚA APLICACIÓN NO ÁMBITO DA ONCOLOXÍA DE PRECISIÓN (AZELERATE MP)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o 11 de marzo de 2025, con AstraZeneca Farmacéutica Spain, S.A., o instrumento convencional arriba referido.

O convenio ten efectos desde a data da súa sinatura e a súa vixencia expirará unha vez finalizado o programa formativo AZELERATE MP. En todo caso, axustará a súa vixencia á do Convenio marco asinado entre as partes o 18.03.2024 e ao disposto no artigo 49h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir o alcance das relacións de colaboración entre os asinantes, en relación co programa de formación dirixido a profesionais sanitarios nas técnicas avanzadas de secuenciación e a súa aplicación no ámbito da oncoloxía de precisión AZELERATE MP.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

De acordo co disposto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde, creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, como organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería de Sanidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario correspóndenlle á Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 94 da mesma lei inclúe entre as funcións do Servizo Galego de Saúde a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde, no ámbito dos centros, servizos e establecementos asistenciais, así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e de mellora da xestión.

AstraZeneca é unha empresa farmacéutica global e innovadora enfocada no descubrimento, desenvolvemento e comercialización de medicamentos, principalmente para o tratamento de enfermidades en tres áreas terapéuticas: Oncoloxía; Cardiovascular, Renal e Metabolismo; e Respiratoria e Inmunoloxía. Un dos seus obxectivos de innovación e investigación é traballar pola calidade de vida dos pacientes que padecen algunha enfermidade. Neste sentido, o seu desexo é ofrecer produtos e servizos que lles axuden a mellorar a súa calidade de vida, á sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial. En consecuencia, pode adoptar e desenvolver actividades de investigación, formación e atención ao paciente, contando coa colaboración e o apoio científico, técnico e institucional dos xestores dos servizos sanitarios.

As partes formalizaron un convenio marco o 18.03.2024, coa finalidade de definir o alcance das súas relacións de colaboración, para a promoción da calidade da asistencia sanitaria, a mellora dos resultados en saúde, a investigación, o diagnóstico diferencial, a dixitalización do sistema sanitario, o acceso á innovación, a medicina de precisión e formación de profesionais e xestores.

Ao amparo do dito convenio marco, as partes teñen a vontade de regular a súa colaboración para o desenvolvemento do "Programa formativo de Secuenciación de Nueva Generación (NGS) titulado: AZELERATE MP. En particular, é de interese a colaboración para os subprogramas de formación pre-implantación (exe 1) e de formación post implantación (exe 2).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificable acudir á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

